

THE BEATLES: EIGHT DAYS A WEEK

151

[Ron Howard, 2016]

TRES ÚNICOS PASES: 16/17/18.09.2016 | v.o.s.e.

FICHA TÉCNICA

The Beatles: Eight Days a Week - The Touring Years (2016, 106')

Dirección: Ron Howard

Guión: Mark Monroe (Historia: P.G. Morgan)

Participación: Paul McCartney, George Harrison, Ringo Starr, John Lennon, Debbie Gendler

Montaxe: Paul Crowder

Son: Nathan Evans, Mark Purcell

Música: Ric Markmann, Dan Pinnella, Chris Wagner

Fotografía: Michael Wood

Produtora: Apple Corps, Imagine Entertainment, White Horse Pictures (Reino Unido)

Distribuidora: A Contracorriente Films

Formato de proxección: DCP 4K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Rush, 2013

El desafío: Frost contra Nixon, 2008

El código Da Vinci, 2006

Cinderella Man: El hombre que no se

dejó tumbar, 2005

Una mente maravillosa, 2001

Apolo XIII, 1995

Llamadas, 1991

SINOPSE

Ron Howard dirixe este documental sobre os anos de xira dos Beatles que comenza co histórico momento vivido o 9 de febreiro de 1964. Ás 20:12 empezaba a súa actuación no show de Ed Sullivan que verían 63 millóns de espectadores e mudaría as súas carreiras para sempre. A súa mundial chegada coa histórica xira, entre 1962 e 1966, na que deron 160 concertos en 15 países.

«Funciona como a enérxica
Cara A dun dos seus
álbumes de grandes éxitos»

Guy Lodge. VARIETY



THE BEATLES: EIGHT DAYS A WEEK

[Ron Howard, 2016]

“Na xira os Beatles pasaron de estrelas do pop a redefinir a música para sempre”

Entrevista a Ron Howard
por Mike Fleming Jr.

Centrácheste nas gravacións de concertos desde os primeiros tempos dos Beatles para amosar a progresión da banda, desde a escuridade até a celebridade, transmitindo como isto último levou á súa eventual ruptura. Elidiches os relatos apócrifos que falaban da influencia de Yoko Ono en John [Lenon] e outras cousas que se puideron escoitar. Como foi esa escolla? Eles abriron en moitos aspectos o camiño que seguirían moitas estrelas de sona mundial en diante. A cousa chegoume a través de Jeff Jones e o equipo de Apple Records que recolleron unha chea de material de arquivo de afeccionados e gravacións piratas que pensaba que podían contribuír a enriquecer as gravacións xa existentes. Eles querían centrarse nos anos da xira. Ao comezo tiña dúbidas mais esa escolla comezou a achegar grandes vantaxes narrativas. Ese momento foi coma unha odisea na súa carreira, unha aventura. Canto máis souben máis me parecía unha historia de supervivencia, na que acadaron a maioría da idade. Nesta xira pasaron de estrelas do pop a músicos disidentes que redefiniron a música para sempre.

Cal foi a túa maior sorpresa? Aprendín moito deles. Hai sete ou oito minutos de metraxe nova mais non teño un afán enciclopédico cos Beatles. O que me atrapa desa etapa de crecemento é como nos fala dun período da nosa historia marcado pola axitación e a revolución cultural que estaba a acontecer. A maneira en que o contexto os afectou e como eles influiron no medio. Comecei a reparar que o arquivo tamén nos falaba diso. Non só o material dos concertos senón o de detrás do escenario. A maior sorpresa? A súa integridade como artistas e individuos e como levaban isto a escena.

Como recordan Paul e Ringo aqueles días nos que acadaron unha sona que só Elvis Presley experimentou? Lémbromo con aprecio e nostalgia ou como algo pouco prazenteiro?

Un pouco de todo. Coido que Paul e Ringo afrontáronse a este material cunha perspectiva que non esperaban ter. Fixemos dúas entrevistas diferentes e detectamos unha mudanza real da primeira á segunda, nos dous casos. Miraron o material editado, comezaron a apreciar a aproximación que eu estaba a facer e abríronse moito máis no segundo encontro. Falando de vagar con Paul logo, dixo, «sabes, habitualmente prefiro non falar dos Beatles, era unha época da miña vida da que estou orgulloso mais era a miña vida. Agora, finalmente sinto que teño dereito a celebralo». Fun moi afortunado de poder entrevíсталos nun momento no que estaban máis abertos a ofrecer respostas sinceras. Ás veces dar estas respostas era emocionante para eles e noutras desalentador, esgotador e mesmo aterrador.

Hai unha fotografía na que vemos a unha moza Sigourney Weaver nun concerto dos Beatles. Como puideches dar con ela?

Paul Crowder, o noso montador, analizou o material gravado polos fans, porque tiñan unha grande importancia para min. Quería mirar este material desde tres perspectivas: desde dentro da burbulla ou como os Beatles ollaban a odisea; desde fóra, arredor das presións sociais; e sobre o que significaban para os fans daquel tempo. Comezamos a buscar e buscar e de súpeto Crowder dixo: «coido que é Sigourney Weaver». Preguntámoslle a ela e respondeu afirmativamente e mesmo nos concedeu unha entrevista.

O filme trata tamén do momento no que os Beatles se negan á segregación racial nos concertos do Sur.

Non sabía nada dos concertos de Jacksonville e Florida nos que os Beatles se enfrontaron á segregación. Sabía que se manifestaran publicamente como antibelicistas e estes elementos acadaron relevancia no filme. Logo atopamos a Katie Oliver e outros afeccionados que estiveron alí e relataron os feitos.

Publicado en <http://deadline.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Lost in music, Giles Smith. Contra 2014
La historia del rock and roll en diez canciones, Greil Marcus. Contra, 2014
Estrategias sobrenaturales para montar un grupo de rock, Ian Svenonius. Blackie Books, 2014
Help! Richard Lester. Layons [BluRay]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME